



	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados												
Zonas:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

ZONA DE TRABALLO: segundo a Orde de 6 de marzo de 2000 pola que se regula a explotación de percebe como recurso específico no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establécese que o ámbito dos plans de explotación será a zona de produción comprendida dentro do ámbito territorial da entidade. Polo tanto o ámbito do plan de explotación establécese entre Punta Couso e Punta Morcegos, ámbito territorial da confraría de Aldán-Hio.

O límite do plan establecido en Punta Couso establecece nas seguintes coordenadas: 42º 18,592' N-8º 51,345 W.

Este plan foi aprobado por primeira vez no ano 2008. As mariscadoras traballaron na zona de Punta Couso, para o cal foi realizado un estudo do estado do recurso na zona dende Punta Couso a praia Alada. Con anterioridade ao inicio da explotación na zona dende Niño do Corvo a Punta Morcegos terase que presentar unha **unha avaliación completa do estado do percebe nas áreas a explotar, de xeito que os topes de captura e o calendario se adecuará aos resultados de dito estudo. Ademais, dada a extensión do ámbito do plan, deberán dividir dita zona en subzonas de traballo.**

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán se remitidos regularmente á delegación correspondente, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibidos os datos do mes anterior.

Con cada petición de apertura do plan presentarase a relación de mariscadoras que pretenden levar a cabo a explotación. Non poderá levarse a cabo a actividade extractiva en distintos plans de explotación no mesmo día.

Deberá acreditarse a aprobación da proposta de plan polo órgano competente da agrupación de mariscadoras, que foi requirida pola Delegación Territorial en data 31.10.2008.

De acordo coa Circular de 6.10.2008 da Dirección Xeral de Recursos Mariños pola que se ditan as instrucións para a presentación dos plans de explotación para o ano 2009, deberán



presentar as coordenadas cartográficas do ámbito do plan e das subzonas de traballo.

-
- (1): Denominación que identifique claramente o plan. Exemplo: plan de cadelucha, plan de moluscos bivalvos, plan conxunto das confrarías de...,
(2): Indicar: autorización ou zonas de libre marisqueo
(3): Indicar: a pé, dende embarcación, mergullo en apnea, con subministro de aire
(4): Indicar en negrita o que corresponda
(5): Indicar o número de días para cada mes. Exemplo: 5, 10, 15...
(6): Especificar: Kg/mariscadora/día, kg/tripulante/día, kg/mergullador/día, kg/embarcación/día,....
(7): A autorización para o desenvolvemento destas accións queda supeditada á obtención dos correspondentes permisos
(8): Marcar un X no recadro do mes correspondente
(9): Este apartado corresponderalle cubriilo á administración
-